


O TIO MÁRCOS D'A PORTELA.



REAL ACADEMIA
GALLEGA
LA CORUÑA

F 2505

Biblioteca

A DE MORTE.

EDICADA Á

VESTEIRO TORRES.





875

COROA DE MORTE.

'O INSPIRADO ESCRITOR

É DOCE PORTA GALLEGO,

TEODOSIO VESTEIRO TORRES.

DEDÍCALLA O SEU ADEMIRADOR,

MARCOS D'A PORTELA.

Os pobos ilustrados, deben gardar decote n'a memoria, o nome d'os escritores e poetas que traballaron pol-o seu adianto, engrandecemento e rexeneracion cobizada.

¡Gloria 'o xenio!

O nome de Vestreiro Torres vivirá n'o curazon d'os fillos de Galicia, porque foi un bo gallego. Poetas, daádelle as vosas cantegas; escritores, relembralo n'as vosas obras.


¡Paz 'o morto!

OURENSE:

IMP. D'A «PROPAGANDA GALLEGÁ.»

Lepanto 18.

—
1876.




1800

INSTITUTO NACIONAL DE INVESTIGACIONES CIENTÍFICAS

SECRETARÍA DE SALUD PÚBLICA

SECRETARÍA DE MEDICINA Y SALUD


MAESTRO D. A. PORTILLA



TEODOSIO VESTEIRO TORRES.

Cheo o curazon d' amargas coitas, magoa-
do pol-a mais fonda e croel ferida, nubradol-
os ollos de vágoas, sin consolo nin paz n'a
yalma, veño á falarvos hoxe, meus quiridos
compañeiros.

Seica un fado nemigo cobiza levarnos o
que mais adouramos, e canto pódea darnos
grorias e renome. ¡Probe Galicia! Esconsolada
nai, vai perdendo pouco á pouco os xénios que
a chegarían á facer grande e lembrada; pá-
trea semeada de encantamentos e recordos,
pares que fay condenada á ver morrer, na froz



d' a xuventud, os xénios que tiveron á sorte de nacer baixo o seu ceo de prateadas nubes, fulxentes estrelas e limpo sol.

Chorai, meus quiridos compañeiros, chorai pol-as nosas perdas, pol-os fondos doores que nos afrixen.

O tenro poeta, o fel cronista d' as nosas grorias, Teodosio Vesteiro, o curazon nobre e xeneroso, a yalma namorada de cantas cousas grandres e subrimes pode sonar o espritu, ¡ay coitadiño! morreu n' a vila de Madril o dia doce d' iste mes de S. Xoan. ¿Habera alguen que non conecese á iste bo fillo de Galicia? ¿Querédes saber quen era? Vou a compracervos, anque me custe o lembrar certas cousas, vágoas e sospiros sin conto; anque sinta morrer o curazon no fondo d' o péito. Eu quero, eu cobizo, eu rógobos que o levedes de cote n' a mamoria, que non-o exquezades namentres teña un latido voso curazon.

Teodosio Vesteiro nacéu n' a cibdá de Vigo; arrolaron o seu verce as áugas d' o mar, as olas que se estrelan na costa 'os pés d' aquil pobo, que parés unha pomba deitada n' un jeito de frores. N' o simenteiro de Vigo, tiña as cinsas dos seus pais. En Vigo tiña as afeciós d' a sua yalma, o seu lar, os seus amigos, todas cantas prendas fan levadeira e garrida a




pelegrinacion por iste deserto. ¡Ogallá que vivira sempre en Vigo!

Teodosio Vesteiro, tiña o curazon de artista, é pol-o mesmo, era un sonador subrime. Cobizaba mais hourizontes pra estender as suas áas, mais lus pra despexar o seu espritu, e nobas e difrentes sensaciós pra hencher o seu curazon, pra darlle esperanza, vida, alento, 'a sua yalma.

Fóise pra Tuy: alí mereceu pol-os seus adiantos, o cariño d' os seus catredáticos, a admiracion dos seus compañeiros. Facendo estudios pra carreira ecresiástica, foi merecente da estima do sinor Obispo, e chegou onde poucos chegan, a poñer unha Cátedra, sendo inda un fillo d' aquela escola.

Istes trunfos non foron d' abondo pra apagar a sede inmensa de grorias que sintia. Aló nos ceos da sua imaxinacion frorida, viu nobos e mais longos hourizontes, mais lus, mais poesía, e roulsinor namorado das grandezas da terra, votouse a voar, a voar sin sosego hasta alcontrar outro xardin onde erguer os seus primeiros e tenros cantos. Chegou a Madril, cheo de ilusiós e de vida, sedento de lus e grorias, puro cal-os ánxeles; co-a yalma limpa, serea, libre das tréboas das dudas e desenganos. Pasou algun tempo: votou unha



ollada 'o seu pasado ealcontrou os gratisimos recordos, os encantamentos, as legrias, os doces amores que gozou na sua terra, yalcontrouse solo, e por ves primeira cicaes, sintiu n'a sua yalma a fonda tristeza das soedades: estonces, ay, estonces, foi cando pensou con mais fogo, con mais amor e con mais tenrura, n'a sua adourada Galicia ¡Cantas veces sairia solo, cobizando respirar os perfumados airiños d'ista terra! ¡Cantas veces a levaria por compañeira fixa na sua mamoria!

Probe paxáro, choraba lonxe do niño d'os seus primeiros encantamentos, a morte d'a sua legria, a perda das virxes ilusiós d'a sua yalma.

Aquil door fondo; aquil mal sin cura, aquelas soedades, trocáronse en correntes de tenrura, d'amor, poesía e tristeza: os sentimentos do seu curazon traduxéronse pol-as palabras, encantos cheos d'inspiracion e melancolía.

Escomenzou a cantar, mais a cantar con voz de queixa, sospirando, doéndose d'as suas coitas ¡Ay, aquiles cantos foron as últimas vibraciós do seu ser, os postreiros resprandores da lus que se consome, as derradeiras notas d'a musica que se vai perdendo lonxe, muy lonxe.....!



Pensou mais que nunca n' a sua terra; viu c' o seu recordo; traballou pra ela, cantou, facendo un esforzo xigante, as suas grorias, e por alcontrar un consolo, axuntou na sua casa os poucos poetas gallegos qu' en Madril vivian, e fundou a sociedade chamada *Galicia Literaria*; imprimiu cinco tomiños da *Galeria de gallegos illustres*, e traballando asina, inframado de pátreo amor por Galicia, viviu algun tempo si non felis, tranquilo e sosegado.

Eu non sei o que teñen as soedades e doores das almas sensibres, que as van consomindo pouquiño á pouco.

Un dia ¡negro dia! volveu de nobo a cobizar mais lus; quixo volver a voar, y-alcontrouse sin áas, soilo, entr-as ospiñas d' iste deserto. Xa non tiña mais esperanzas, somido n' a oscuridá d' iste mundo e quixo voar 'o Ceo, chegar astr'os pés de Dios, confundirse c' os seus ánxeles, beber n' os seus ollos a verdadeira lus da inspiracion, e chamou pol-a Morte; chamou, e non tivo resposta; e non alcontrándoa... buscouna.

¡Ay! Saia o sol; as frores enchian os aires de perfumes, cantaban os paxáros dende as polas d' os álbores; apareceo o novo dia, e Vesteiro Torres, o inspirado poeta gallego, c' o mais fondo pesar, votando unha triste, infini-



ta ollada de car' a sua terra, dándolle un bico amorosiño c' o pensamento, e mermurando os seus lábios o quirido nome de Galicia, matóuse co—as suas propias maus.

¡Ay negro e coitado dia! Galicia perdeu un d' os seus mais loucos ademiradores, un fillo illustre, un xénio crarísimo. Vesteiro Torres morreu; morreu d' unha maneira triste, sufrindo cal un mártir. Non se matou pol—as probes e rrastreiras cousas da terra; foi moito mais grande o seu sacrificio; morreu pra buscar a Dios! Morreu seguindo o sol dun ideyal; foi suicida, e verdá, mais foi un suicida nobre; non por outra cousa chegou á buscar a morte; enganouse; mais foi un engano subrime, e Dios teríallo en conta. Unha vida exemprar, un mundo de creencias que bulían n' o seu espritu, un xénio precraro, us conocementos grandes, un curazon inframado pol—o santo amor da pátreia, non farian sinon en áas d' un pensamento grande, inmenso, tal loucura.

¡Ay, chorade meus quiridos compañeiros, chorade si é que as vágoas vosas fan nacer frores por riba d' a coba d' iste malogrado xénio!

Morreu lonxe de Galicia: as suas cinsas fan n' unha terra estrana, sin' o arrolar d' os perfumados airiños d' ista terra, a quen tanto amou, por quen de cote sospiraba.




¡Quen llo dixera, meu Dios, quen llo dixera!

Il, que sin folguexar, sin ter xiquera un dia de sosego, precuraba dar á conecer as nosas grorias; il, que non tiña outro pensamento mais que chegar á ser felis pra vivir e morrer n'ista adourada pátreia nosa; il que se mantiña d'os recordos que adormeceran en Galicia o seu curazon, cando era neno; ¡Ay negra sorte! foi á morrer lonxe d'eiqui, sin ter quen ver-tese unha verdadeira vágoa de door, n'a triste hora en que se perdeu pra sempre n'as fondas entranas d'a coba!

Eu non sei o que sinto na yalma, non sei o pesar que m'afoga, 'o recordar o barullo rouco, xordo, misterioso que a terra faria 'o caer por riba da caixa que gardaba o corpo d'o morto quirido. ¡Ay, pra sempre adios meu coitadiño, prenda do curazon, lus dos meus ollos, xoiña da terra nosa! ¡Adios, pra sempre, adios! ¡Morriche ben cedo! Xa non oubirán os galle-gos aquiles cantos tenros e misteriosos que ti erguiás, namorado roulsinor; xa se perderon aquelas forzas co-as que ti loitabas pra facer lembrada e quirida, e grande, a terra nosa: xa non tes lus nos ollos, fogo nos labios, latidos no curazon, pensamentos na yalma.


¿Que se fixeron de tanta xuventud e saber,



de tanta cencia e virtú, de tanto amor e legrias? ¿Onde fas, sábeo escritor e dulce poeta? ¡Mália morte que nos levou iste tesouro! ¡Mália o fado nemigo que o foi empuxando á tan fondo abismo!


Xa que non ten niste frorido chao un curruncho onde dormir o sono d'a morte, xa que fai lonxe de nos, esquecido, mal premiado, fécédelle n'ó fondo do voso curazon unha coba, meus quiridos gallegos, meus bos compañeiros; tédeo decote fixo na mamoria, n'a vosa compañia cando vos afrixan as soedades, no voso pensamento, inda cando vivades ledos e satisfeitos. Ben e merecente de tanto, meu probiño.

Meus quiridos compañeiros: si sodes felices, recordai o nome de quen tanto padeceu é loitou: si vos aqueixan as coitas, consolaivos c'ó seu triste recordo: si sodes escritores, lembralo nos vosos escritos: si tedes a yalma de poeta, feitizálo n'as vosas amorosiñas cántigas: si traballades n'os eidos, pensai qu'il traballau pol-a vosa rexeneracion, pol-o voso adianto e milloras: non pode ter movemento un curazon n'a terra nosa, que non lembre, que non queira, que non recorde sempre o nome de Teodosio Vesteiro Torres, xenio malogrado, curazon que morreu sufrindo, alma



que viviu amando, lus que s'apagou n' a terra
por cobizar ter mais brillo nos Ceos.


Eu ben quixera que non houbese unha pro-
be chouza en Galicia, onde non conecesen a
sua hestoria, onde non tiblesen o seu retrato:
xa que non podo chegar 'o logro d'as miñas
ánxias, os que cheguedes á ler iste pequeno,
mais fel recordo, que lle dou chorando, depren-
dei istas cántigas, probes frores que, morren-
do de coitas, voto enriba d'a sua coba.



QUEIXAS E VAGOAS.

Oubo na nosa quirida terra
Que cen ilustres xénios encerra,
Un ispirado tenro escritor;
Oubo un poeta que d' amor cego,
Cantou as grorias do chan gallego
Con melosiña máxica voz.

Doce paxáro dista ribeira,
Viviu cantando co-a verdadeira,
Vaga tenrura que o xénio ten;
Viviu cantando, viviu sufrindo,
Morreu chorando, morreu sintindo
A terra sua felis non ver,




¡Ay cantas veces pol-as caladas
Sereas noites as namoradas
Cántigas tristes, eiquí mandou!
Que sempre tiña no pensamento,
As probes chóuzas, o mar, o vento,
Dista terriña que tanto amou.

¡Ay cantas veces de coitas morto
Pensou nas frores que neste horto
Teñen perfumes vida e coór:
O son da gaita que chora e fala,
As fondas queixas dun *alalalaa*,
Soar sintía no curazon!

Canto en Galicia ten movemento,
Rumor das augas, queixas do vento,
Ecos de voces, cheiros de fror,
Todo no fondo do ser sintía
Aquela yalma, co-a poesía
Que lle votaran as mans de Dios.

¡Ay negro fado, nemiga sorte,
Ay, e que cedo levou a morte
Iste garrido tenro cantor;
Ay, e qu'aixiña d'a nosa veira,
Foise voando pr' outra ribeira,
Pr' outro sonado mundo millor!




Meu quiridiño, probe Vesteiro
Que aló n'a coba dun simenteiro
Solo, esquecido, fas en Madril;
¡Durme d'a morte no fondo seo,
Que o teu espíritu vive no ceo,
Ond'a Díos vive, libre, felis!

Esconsolados nos neste mundo,
Cheos de loito, de door profundo
Vivimos tristes, pensando en tí,
En tí que fuches o noso encanto,
O que quixeches grorias, adianto
E pra Galicia millor porvir.

Leyal e nobre cibdá de Vigo,
Ti que lle deches un lar amigo,
Pomba que dormes veira do mar:
Ti con mais coitas, con mais xusticia,
Diste lucente sol de Galicia,
A triste perda debes chorar.

Chora, coitada nai sin consolo,
Ti que o tiveches un dia no colo,
Cheo de vida, de amor, pracer,
Ti que lle deche tanta tenrura,
Chora con vágoas de desventura,
Que de ti lonxe foi á morrer.




Inda tes alma, inda tes vida,
Inda ti acochas unha frorida,
Nobre, entusiasta, fel xuventud;
Ela ven pode premiar constante
Hoxe os esforzos diste xigante,
Xénio d, amores, saber, virtú.


No-no deixedes, non, esquecido,
Non o seu nome faga perdido
Aló nas tréboas da eternidá.
Que ben merece recordo e gloria
Quen as grandezas da nosa Hestoria,
Sábeo, inspirado, soupo cantar.

Nenas de Vigo, xoyas d' amores,
Croas e vágoas, versos e frores,
'O seu recordo por sempre dai,
Pois o chorado quirido morto,
En Vigo tiña seu lar, seu horto,
A nobre Vigo, foi á sua nai.

¡Adios por sempre meu quiridiño.
Dende as orelas d'o craro Miño,
Dóuche meu tenro, doido, ¡Adios!
Triste palabra que padecendo
Inmensas coitas, sáime morrendo
Dende o mais fondo d' curazon,



¡Moito te quixen! Eu en tí via
Unha esperanza, unha legria,
Novo feitizo d'os nosos chan:
Morriche cedo! Esconsolada,
Chora Galicia, que ves coitada
Com'os teus xenios morrendo van.





dous, aa
Os c
princ

do dia vinte-
ista **COMOA.**
mercada nas
real.

